

A nosa ref:

Asunto: Resolución Concelleiro delegado área de RRHH e Sanidade aprobando convocatoria e Base para a selección interina de un auxiliar de museo durante o dereito de reserva do posto do titular.

Expediente:2015/G003/001427

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E SANIDADE

Visto o informe proposta de data 7 de xullo de 2015, do coordinador de cultura e educación e Concelleiro delegado da área de Cultura e Festas Tradicionais, na que informan da situación actual do museo e a necesidade urxente de contratación de un/ha auxiliar de turismo.

Visto o informe e proposta de Bases da unidade de réxime interior para a selección interina dun/ha auxiliar de museo durante o dereito de reserva do do posto polo titular.

Consonte co establecido nos artigos 21. 1h) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, 24.d) do Texto refundido de réxime local e 41 do Regulamento de organización e funcionamento do réxime xurídico das entidades locais.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo Sr. alcalde segundo a Resolución núm. 1111, de data 23 de xuño de 2015, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar as Bases e convocatoria para a selección interina de un/ha auxiliar de turismo durante a reserva do posto do titular que de seguido se indican:

“

BASES E CONVOCATORIA DE CONCURSO/OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN INTERINA DE UN AUXILIAR DE TURISMO.

Primeira: obxecto da Convocatoria.

É obxecto desta convocatoria a selección, polo procedemento de concurso/oposición, de un/ha Auxiliar de turismo interino por substitución transitoria do titular, de acordo co artigo 10.1 b) da Lei 7/2007, do EBEP, pertencente á Escala de Administración Especial, Subescala servizos especiais, Clase cometidos especiais, Subgrupo C2.

As disposicións de aplicación serán as seguintes:

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais en materia de réxime

local.

-Real Decreto: 896/1991, de 7 de xuño, regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de seleccións de funcionarios da Administración Local.

- Lei 7/2007 de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público.

-Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20 de marzo de 1991 e supletoriamente o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

-Orde, APU/1461/2002, de 6 de xuño de 2002, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino.

Establécese como sistema de selección o de concurso/oposición tanto en consideración as funcións e tarefas asignadas á praza e a duración prevista da interinidade, de acordo coa orden do 6 de xuño de 2002, indicada.

Segunda: requisitos dos aspirantes.

Para ser admitido ás probas será necesario:

- a) Ser español.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade.
- c) Graduado escolar/FPI ou equivalente.
- d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Terceira: solicitudes.

As solicitudes, previo pagamento de 20 euros, segundo o establecido na ordenanza fiscal número 6, con unha redución do 50% para os aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, mínimo, de 6 meses anteriores á data desta convocatoria, presentaranse no Rexistro Xeral deste concello no prazo de dez días naturais a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web "www.cambre.org".

O ingreso realizarase na Tesourería Municipal, ou ben, xustificante do xiro postal ou telegráfico do seu pagamento.

Á solicitude achegarán os documentos que acrediten os méritos alegados.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de presentados que será publicada no taboleiro de anuncios deste Concello, concedendo o prazo de dous días para reclamacións. Se non hai reclamacións, a anterior será considerada definitiva.

Cuarta: Sistema de selección.

Será o de concurso-oposición

Fase de concurso:

Consistirá na valoración dos méritos alegados e xustificados polos/polos aspirantes de acordo co seguinte baremo:

Valoraranse os seguintes méritos:

Para dita fase, os aspirantes achegarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen, acompañando os documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas (se as fotocopias non veñen compulsadas deben facerse no concello), xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos a valorar e a súa puntuación, será a seguinte:

- a) Titulacións académicas distintas a achegada como requisito para tomar parte no concurso, emitidas por centros educativos e organismos homologados para o efecto:
- Formación profesional de ciclo superior en calquera das familias profesionais de: Información e Comercialización turística, de Animación turística; de Axencias de viaxes; de Guía, Información e Asistencia Turísticas; de Empresas e Actividades Turísticas :.....2,00 puntos.
- Diplomado en turismo.....3,00 puntos.
- Licenciado ou Grao en Turismo...5,00 puntos.
- Soamente se valorará o título de maior puntuación.

- b) Master, cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto de traballo, impartidos polas Administracións públicas ou por organismos dependentes delas, así como por Colexios profesionais.
- Por cursos realizados de 20 a 50 horas0,10 puntos
 - Por cursos realizados de 51 a 80 horas.....0,20 puntos
 - Por cursos realizados de 81 a 100 horas.....0,40 puntos.
 - Por cursos realizados de 101 a 500 horas.....0,50 puntos.
 - Por cursos superiores a 500 horas ou Master... 0,75 puntos.

A puntuación máxima por cursos, seminarios e xornadas será de 2 puntos.

c) Experiencia laboral

- c.1) Na Administración Pública polo traballo desempeñado na mesma categoría en posto similar ao que se convoca: 0,1 por mes ata un máximo de 2,5 puntos.
- c.2) Na empresa privada polo traballo desempeñado na mesma categoría ou en posto similar ao que se convoca: 0,05 por mes ata un máximo de 2,5 puntos.
- A puntuación máxima por experiencia laboral será de 5 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia profesional, unicamente se valorarán os meses nos que se xustifique un mínimo de 35 horas semanais, en calquera das distintas actividades, acompañando en todo caso: contratos, certificacións de empresa ou Administración Pública onde figuren as funcións e os períodos realizados e avaladas sempre polo informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Fase de oposición:

Consistirá na realización de tres exercicios.

Primeiro exercicio obrigatorio e eliminatorio, tipo test de 25 preguntas sobre o contido dos temas que figuran no anexo, determinado polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

Segundo exercicio obrigatorio e eliminatorio consistirá nunha proba práctica sobre o contido dos temas que figuran no anexo

O primeiro exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalos. O tribunal determinará o número mínimo de acertos necesarios para acadar o 5.

O segundo exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio coa calificación de apto/non apto.

Consistirá na tradución sen diccionario dun texto proposto polo tribunal, de castelán ao galego, nun tempo máximo de vinte minutos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten a titulación de nivel CELGA 2 ou equivalente.

Quinta: Cualificación do concurso-oposición.

Rematada a cualificación dos aspirantes na fase de oposición se procederá a valorar os méritos alegados e xustificados de aqueles que houberen superado esta fase.

A cualificación final do concurso-oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e a na fase de oposición.

Sexta: Tribunal cualificador.

Terá a seguinte composición:

-PRESIDENTE: Coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luís Martínez Názara

-SUPLENTE: A bibliotecaria arquivista, dona Angeles Roca López

-SECRETARIO: -A secretaria xeral, dona María Luísa de la Red Ampudia

SUPLENTE : -A técnico de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López

-VOCAIS :

-O interventor, don Francisco Javier Ulloa Arias

-O animador xuvenil, don Jesús Díaz Santiago.

-A dinamizadora cultural, dona Pilar Paz Delgado.

-SUPLENTE:

-A animadora deportiva, dona María Pilar Andújar Larios.

-O auxiliar administrativo de cultura, don Carlos Rojo Rey.

-A administrativa de servizos, dona Ana María Dans Martínez

Os vocais deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas.

Os membros do Tribunal están suxeitos ó disposto no artigo 28 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das

administracións públicas de do procedementos administrativo común, e aos dereitos por indemnización por asistencia, do artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Sétima: nomeamento, lista de reserva e, presentación de documentos.

Ao rematar o proceso selectivo confeccionarase unha relación coa puntuación acadada, en orde descendente. O primeiro da lista, será o único seleccionado segundo se indica na base cuarta.

A lista coa totalidade dos presentados e puntuación acadada quedará para poderen ser utilizada, ó longo de dous anos, como reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir prazas similares ou situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, en prazas de similares características deste Concello.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de servizo recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado para unha nova contratación.

O/A aspirante proposto para o servizo deberá presentar os documentos acreditativos dos requisitos esixidos na base segunda no prazo de 5 días contando a partir da publicación do resultado do concurso- oposición no Taboleiro de Edictos do Concello.

Se dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presentaren a súa documentación ou non acaden os requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incurrir por falsidade na súa solicitude para participar no proceso selectivo. Cumpridos os anteriores requisitos, comezará a súa relación de interinidad, con efectos da data de toma de posesión.

Oitava: incidencias.

O Tribunal cualificador queda facultado para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do Concurso en todo o non previsto nestas Bases.

Novena: os interesados poderán impugna-la presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma, nos casos e na forma establecida na Lei de procedemento administrativo.

ANEXO

PARTE COMÚN:

- 1.- A Constitución española de 1978. Principios xerais, estrutura e contido.
- 2.- A Organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas: especial referencia a Galicia.
- 3.- Organización municipal. Competencias do municipio.
- 4.- A función pública local e a súa organización. Clases de funcionarios. O persoal laboral. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais.

PARTE ESPECIAL :

- 5.- A Lei 9/1997, de 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia. Principios xerais, obxecto e fines.
- 6.- Competencias en materia de turismo. Dereitos e deberes das empresas turísticas e dos usuarios.
- 7.- Ordenación da oferta turística. Principios xerais para o exercicio de actividades turísticas.
- 8.- Empresas de aloxamento turístico e de restauración.

- 9.- A actividade de intermediación turística. As profesións turísticas.
- 10.- Promoción e fomento do turismo.
- 11.- Disciplina turística. Inspección, infraccións e sancións.
- 12.- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. Disposicións xerais. O Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. O Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- 13.- Bens de Interese Cultural. Especial referencia a igrexa de Sta. M^a de Cambre como recurso turístico.
- 14.- Réxime xeral de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.
- 15.- Protección dos camiños de Santiago.
- 16.- A historia como recurso turístico en Cambre. Rutas de arte e historia: o Camiño de Santiago inglés ou de Faro.
- 17.- Definición e funcións dos museos. Creación e regulamentación. Instrumentos e medios dos museos.
- 18.- Sistema público de museos da Comunidade Autónoma Galega.
- 19.- A arqueoloxía como recurso turístico en Cambre. Especial referencia o xacemento romano de Cambre.
- 20.- Os espazos naturais como recursos turísticos. Especial referencia ao encoro de Cecebre.”

Segunda.- Convocar o referido concurso-oposición e publicar a convocatoria nun xornal, na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios, segundo o indicado no artigo 6.1 da Orde APU/1461/2002, de 6 de xuño, pola que se establecen as norams para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (BOE nº 143, do 15/06/2002).

O concelleiro delegado
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez